

O home que se parecía moitísimo a unha chaira

JAUREGUIZAR

O poeta que dende máis cedo e con máis intensidade influíu en Manuel María foi Manuel de Paderna, un criado da súa casa que falaba sempre en verso. Manuel de Paderna transmitiu ao neno que mudaría en escritor e en adulto a querencia pola lírica e polo galego. “Dende que teño acordo e discernimento, sempre me sentín totalmente identificado coas xentes do país, coa súa fala e coa súa cultura, que fun descubrindo pouco a pouco, apaixonadamente e dun xeito xerárquico”, manifestou o escritor no limiar de *Muiñeiro de brétemas* (1950) que escribiu en 2003. A súa afirmación é unha concreción da que foi a súa andaina nos eidos político e cultural.

Muiñeiro de brétemas converteuse no primeiro libro publicado en galego por un debutante despois da Guerra Civil. Aparece no ano 50, cando Galicia era un páramo cultural no que había illotes, como a tertulia luguesa de Luis Pimentel, na que participaban Ánxel Fole, Romero Boelle ou Ramón Piñeiro. Manuel María era un dos contertulios mozos, que estudiaba Filosofía e Letras. Chegara en 1942 dende Outeiro de Rei, onde nacera en outubro de 1929, grazas ás posibilidades limitadas que lle ofrecía ter nacido nunha casa grande de labregos e ao abeiro que lle forneceu un seu tío sacerdote. Foi o cura quen lle “adeprende a ler a poetas vellos e a alta e crara teoloxía do canto”, como conta no *Libro de Cantigas* (1955).

Nesas dúas décadas na capital da provincia xurde a súa carreira literaria. Comezouna participando, con vinte anos de idade, no ciclo de conferencias *Jóvenes Valores Lucenses* e ofrece unha conferencia que lle serviu para entrar en contacto cos integrantes da tertulia do café Méndez Núñez. Os persoeiros que coñece aló póneno en contacto coa realidade galega interior e mesmo exterior.

A súa estadia en Compostela durante o servizo militar, permítlelle coller relación, a través de Ramón Piñeiro, cos galeguistas composteláns e cos membros da xeración Nós.

Non chega a rematar a carreira de Filosofía e Letras, pero si a facer de si un procurador, profesión que exerce en Monforte dende 1958. Ao ano seguinte casa con Saleta Goi, figura que lle valeu de apoio ata o derradeiro momento da súa andaina. Xuntos rexeron a librería *Xistral*. O mesmo nome recibiu a colección de poesía *Xistral*, na que partillou a responsabilidade con Ángel Johán; que se situou como plataforma inestimable para moitos dos poetas máis novos. Manuel María organi-

za dende aquela actividades, colabora con artigos na prensa, dá conferencias ou colabora cos neotrobadores revoltallos da Nova Canción Galega.

As décadas posteriores son as dos inicios da súa militancia política; desprazándose nos ámbitos do nacionalismo e da clandestinidade, o chairego participa na reorganización política e acaba por afiliarse á Unión do Pobo Galego. O cumio da súa carreira pública é unha concellería en Monforte, que ocupou en 1979 e durante seis anos. En 1985 renuncia á xeira política para centrarse na literaria.

A partires da súa xubilación como procurador, residiu na cidade da Coruña. O seu xeito xeneroso de concebir a galegitude foi recoñecido en 1995, nunha homenaxe organizada pola Asociación Socio-Pedagóxica Galega na cidade da torre de Hércules, e, con maior rotundidade, en febreiro do 2003, cando se converteu en Vilalba en membro da Real Academia Galega. Anos atrás renunciara a esta dignidade por estar disconforme coa actitude cultural e política da institución.

Manuel María, aplaudido como poeta, ocupouse en traballar todos os xéneros, consciente como era da necesidade que a lingua galega tiña dunha diversificación. Así, atendeu tamén á narrativa e ao teatro. O seu volume *Contos en cuarto crecente* converteuno nun dos pioneiros da prosa de fición galega de posguerra; anticipouse a Cunqueiro e a Fole. En

1971 quitaría fatos de contos como *O xornaleiro e sete testemuñas máis*, onde tira de xente anónima para facer un retrato realista da época.

A súa creación para a escea nace dunha resposta a esa crenza, elaborada en ambientes nacionalistas, de que se precisaba modernizar o teatro superando as concepcións anteriores á Guerra Civil. Constrúe, xa que logo, uns dramas baseados no substrato popular e filtrados por esixencias políticas.

Esa diversidade da súa inspiración ten o seu paralelismo na súa temática, pois a súa obra vai dende o popular ata o máis radicalmente ideolóxico, sen esquecer o paixasístico, o amoroso ou o relixioso. A súa vida e a súa obra víronse sinaladas polas chairas que correu e soñou de neno. Tan extensas. Tan chás.

Xosé Luís Méndez Ferrín sitouse á entrada da Real Academia Galega, naquel febreiro chairego do ano pasado, para saudar a Manuel María desexando “que entren agora aquí unha multitude de xentes, labores, sentimentos, ideas nobres e dictados da razón dialéctica que ti transmutaches en canto e letras ao longo dunha vida fértil onde as haxa, fértil onde as haxa”.

